



INSTRUCCIÓN 1/2017, do 2 de outubro, sobre o horario de compulsas no Rexistro Xeral e nos rexistros dos Edifícios Administrativos da Xunta de Galicia

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, integra e afonda na axilización dos procedementos cun pleno funcionamento electrónico, co fin de servir mellor os principios de eficacia e eficiencia, aforrar custos á cidadanía e ás empresas e reforzar as garantías dos interesados. Así, segundo o artigo 16.5 da Lei 39/2015, os documentos presentados de maneira presencial ante as Administracións Públicas deberán ser dixitalizados pola oficina de asistencia en materia de rexistros na cal foron presentados, para a súa incorporación ao expediente administrativo electrónico.

Sen embargo, na actualidade segue a existir documentación en papel que debe ser compulsada nas oficinas de rexistro da Xunta de Galicia, cuxa regulación se inclúe nos artigos 22 e 24 do Decreto 191/2011, do 22 de setembro, de organización e funcionamento dos rexistros da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia, especificando este último artigo que, nos supostos en que as normas reguladoras dun procedemento, servizo ou actuación administrativa requiran a achega de copias compulsadas de documentos orixinais, as persoas interesadas poderán exercer o seu dereito á inmediata devolución destes últimos polos rexistros en que se presente a solicitude, escrito ou comunicación, con independencia do órgano ou Administración destinataria, remitíndose a esta última a copia compulsada do documento orixinal achegado polos interesados.

Para o caso da compulsas que implique numerosas páxinas resulta necesario establecer medidas para coordinar a atención á cidadanía co horario de funcionamento da oficina de rexistro.

Polo exposto, dítase a seguinte

INSTRUCCIÓN

Primeiro.- Co fin de coordinar a atención á cidadanía co funcionamento das oficinas de Rexistro Xeral e dos Rexistros dos Edifícios Administrativos de A Coruña (Monelos), Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, no momento do trámite de rexistro de entrada, o cidadán poderá solicitar un **máximo de 15 páxinas para compulsar desde que falten 30 minutos ou menos para o peche da oficina.**

A compulsas de copias de documentos réxese polo previsto nos artigos 22 e 24 do Decreto 191/2011, do 22 de setembro.

Segundo.- Para xeral coñecemento, esta instrución figurará exposta nas referidas oficinas de rexistro e publicarase na páxina web da Xunta de Galicia.

Terceiro.- Desde a súa data, esta instrución substitúe á Instrución 2/2014, sobre o horario de compulsas do Rexistro Xeral e dos rexistros dos Edifícios Administrativos da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

O vicesecretario xeral

Nicolás Vázquez Iglesias
(asinado dixitalmente)

